



"Mentres non sabes o que queres ser, xa estás sendo"

[Ana G. Liste @BelaMistura](#) venres 20, xuño 2025

<https://praza.gal/cultura/mentres-non-sabes-o-que-quieres-ser-xa-estas-sendo>

Samuel Merino (Mos, 1982) gañou o **XIII Premio de Poesía Manuel Lueiro Rey** con *Manual de camuflaxe*, que vén de publicar coa editorial **Xerais**. Un libro no que o propio autor se quixo camuflar evitando dar pistas sobre o xénero da voz poética, presentándose a este certame con sistema de plica para así comprobar se o seu poemario tiña “a identidade suficiente como para que alguén pousase a súa ollada sobre el”. A xogada saíulle ben e o libro está xa nas librarías e bibliotecas, aínda que non se presentará ata despois do verán, cando teña lugar a entrega oficial do galardón que organiza o Concello de Fornelos de Montes.

“Cando estou escribindo síntome máis arroupado e acompañado que nunca. **Para min o exercicio da escritura non é para nada solitario, podes estar só fisicamente, pero de verdade que escribindo estes poemas eramos unha recua de xente:** estaba miña nai, miña avoa, as miñas tías, meus tíos, eses dous homes aos que ameí e que me contaron parte das súas vidas... Obviamente estaba eu só na miña cama, porque estaba pasando unha convalecencia, pero eramos moitas”, explica sobre como foi a creación deste libro no que se fala dunha identidade permanentemente en construción desde a propia fragilidade. Samuel Merino, tamén coñecido como **Pompa e Boato**, estará na Feira do Libro de Vigo e na de Ponteareas recitando e asinando exemplares do seu *Manual de Camuflaxe*.

Este é un poemario en espiral? Canto de intencionalidade ten esta estrutura?

Pois a estrutura foi nacendo a medida que eu ía dándolle forma. O poemario comezou, como en outros traballos, cando me decatei de que tiña tres catro poemas por aí un pouco coa mesma teima. E tirando ese fío, comecei escribir. Viñéronme á cabeza dúas conversas que tivera con dous homes aos que ameí, falando da súa xuventude e infancia. Un dicíame que na súa adolescencia pasara totalmente desapercibido, que para el ese recordo era como unha eira baleira, e outro, pola contra, contábame que estivera toda a súa adolescencia intentando pasar desapercibido. Iso, conectando coa miña propia experiencia na construción da identidade, levoume a ir tecendo este poemario.

E esa estrutura en tres partes, con esa forma pechada, foi xurdindo a medida que ía avanzando na construción do poemario. Fun indagando tamén nas lecturas que fixera durante o último ano, lin moito a María Negroni ou Giorgio Agamben que falan do lugar que ocupa a literatura nas nosas vidas. A estrutura é totalmente a mantenta. Penso que esta cousa de comezar polo *Poema final* e rematar polo *Poema primeiro* fala desa intencionalidade de que cando para min remata o poemario, comeza para outra persoa. É certo que o meu *Poema final* é realmente o primeiro poema para a lectora, sempre e cando se lea o libro en orde. A vida é un eterno volver sempre, máis ou menos, aos mesmos puntos. O fío do pensamento é tamén circular.

E o das nosas teimas, tamén.

Si, deste muíño ou case diría de máquina de lavar que temos. A vida é circular, e é circular en sentido contrario moitas veces. Hai que ir á contra porque ás veces ,se a vida nos vén de contra, temos que levantarnos contra a vida e ir facendo a nosa identidade. Ese é o sentido da estrutura do poemario.

En moitas ocasións, cando se di que un libro fala da ‘construción da identidade’ para que se ensina unha identidade xa construída e pechada. Neste caso, nestes poemas vese unha identidade en construción.

É un traballo que non remata nunca. Para min o da identidade é un pouco falacia. O verdadeiro cerne do poemario é esta exhortación a ser todo o tempo nós mesmas, a ter unha identidade propia, a diferenciarnos dos demais e, pola contra, estarmos todo o tempo penalizando o que é diferente. Onde está o límite? Ata que punto queres que sexa diferente? Parece que só aceptamos o que é diferente cando podemos sacarlle un partido, cando convertemos a outredade nalgo irrisorio ou nalgo do que facer unha temática. É moi doado que o sistema adopte o que normalmente se considera marxe dentro do sistema, é unha contradición interna que levamos todas: todas queremos nalgún momento destacar e, ao mesmo tempo, non queremos destacar moito para non ser sinaladas.

Creo que ese fío e esa tensión entre un lado e o outro, e ese estar en perigo e permanecer, se debe a que a identidade é o grande problema do século XXI. Esta cousa de atoparnos e de buscarnos, como se fose algo que está aí agardando a que o atopemos... Por iso tamén o da camuflaxe, porque tamén é cuestión de irse adaptando non só ao medio e á contorna, senón ás outras persoas, a nós mesmas e aos nosos cambios internos. O poemario non é unha busca da identidade, eu non me busco no poemario, búscome no meu día a día, na miña vida. O poemario é unha forma poetizada de reflexionar sobre isto, a miña busca está na rúa.

Esta reflexión en concreto vén polas persoas que comentaba ao principio, esta xente que ten a sensación de ter pasado desapercibida durante tantos anos, nese momento existía ou non existía? Cal era a súa identidade? Se os demais non te ven e non te recoñecen coma outro, quen es ti? Se non nos recoñecemos na diferenza, e na diferenza cos demais, como se constrúe a nosa identidade? Eu son o que penso, o que fago, o que creo, o que os demais pensan de min, o que os demais din de min e o que eu recibo tamén deles. Hoxe en día é certo que nos vemos máis expostas coas redes sociais, pero canto máis plural é a mirada que verten sobre ti, máis enriquecedora é; a pesar de que tamén pode ser unha distorsión moi grande.

E un condicionante moi forte.

Claro, se nos deixamos condicionar, si. Por iso abro o poemario cunha cita de Agustín Fernández Mallo e o exemplo que usa sobre as pegadas do mamut. A camuflaxe non serve só para

confundirme cos demais, tamén podemos querer ser o mamut. Antes queríamos ser as da portada da *Superpop* ou as de *Sensación de vivir*, e hoxe queremos ser *influencers* e ter moitos seguidores.

Sente que escribe este poemario desde as marxex?

Non o sei. Penso que se eu pertenzo ás marxex ou non é algo que non decido eu, é un lugar no que me colocan as que me perciben desde fóra. Quero dicir, eu estou no meu lugar, non podo considerarme nas marxex cando me sinto protagonista da miña vida. Se alguén desde fóra fai unha análise do sistema literario non sei se se pode considerar que escriba desde a marxe cando son publicado nunha editorial tradicional.

Pero é unha pregunta que tamén me fago eu. En todo caso, se fose así, sería unha honra: as marxex son marabillosas. Eu son diferente e teño a miña propia voz: eu son eu e son calquera, pero ao mesmo tempo non son calquera porque son eu e teño a miña identidade. Tamén teño o perigo de que se me diferencio moito do resto me coloquen na marxe e non sei se é o que quero. Houbo épocas da miña vida na que me sentín moi na marxe porque si que me sentín anulado. Agora eu escribo desde min, non son o centro do universo pero si son o centro de min mesmo.

Por que decide compartir coas lectoras do poemario que o escribe desde a convalecencia da enfermidade?

Foi un momento que tiveron para volver sobre os poemas e atopar o fío entre eles para seguir escribindo. Menciono a convalecencia para falar da xente que me acompañou sen estar. Pensei moito en Silvia Penas, á que lle dedico o libro, igual que a Oriana Méndez, porque as dúas estiveron moi presentes para min. Á parte, Silvia foi a primeira que me deu a man dentro do sistema literario e aínda non ma soltou.

Con [Silvia Penas](#) ten ademais varios proxectos de poesía escénica.

Si, fixemos o *Vida útil da porcelana*, co que gañamos o certame do Teatro do Porvir de Galicia e Portugal en 2022, e que despois adaptamos un pouco para poder levalo a máis espazos e o convertemos nun recital a dúas voces. E co que estamos agora é *De rota raposa*, que tamén é un recital pero con máis compoñente escénico: unha forma de concibir a poesía escénica como unha construción de elementos de significación distintos, máis alá da voz, do corpo e da palabra.

Eu saín do teatro. De feito, coñecín a poesía a través do teatro e o meu amor por ela vén de aí. Fun descubrindo no texto teatral unha linguaxe moi poética, a medida que o entras no teatro máis pos-dramático, máis contemporáneo, as pezas escénicas pasan de ser algo narrativo a ser pezas máis de paisaxe e mesturan outros elementos como o vídeoarte e a danza. Eu empecei co teatro no 2007 como unha necesidade vital e nunca pensara en escribir nada, e menos en chegar a publicar.

Segue tamén actuando xunto a [Lucía Aldao](#) co espectáculo *Os nomes íntimos*?

Tamén, si. Outra sorpresa da vida, porque nin nos meus mellores soños podía eu pensar que me ía chamar Lucía Aldao para facer algo xuntas. Eu, obviamente, non a ía chamar a ela. Podería telo feito porque a admiro moitísimo, pero non pensaba que podería ter interese en compartir escenario comigo! Estamos o día 27 na Pobra de Brollón e esperamos ir conseguindo máis bolos porque este espectáculo vai medrando a medida que vai rodando, é como un Tamagotchi, que

o tes que ir alimentando, pois *Os nomes íntimos* aliméntase do que recibimos da xente que nos vén ver.

Pois seguirémonos atopando nos libros e nos escenarios.

Claro. Eu non sei o que quero ser, non sei se alguén o sabe. Pero mentres non sabes o que queres ser, xa estás sendo. Entón, fai algo con iso, sácalle partido. Ri, chora, baila, le, non leas, vai a espectáculos de poesía, ou non vaías, fai o que che preste. Pero non te deixes invisibilizar. Tampouco hai que saber en todo momento quen somos e cara a onde imos. Realmente é máis importante saber de onde vimos. Cara a onde imos é unha mestura entre o que podemos, o que desexamos e o que a vida nos permite.